<p>B4.4. Resolver problemas de movementos rectilíneos e circulares, utilizando unha representación esquemática coas magnitudes vectoriais implicadas, e expresar o resultado nas unidades do Sistema Internacional.</p>	<p>FQB4.4.1. Resolve problemas de movemento rectilíneo uniforme (MRU), rectilíneo uniformemente acelerado (MRUA) e circular uniforme (MCU), incluíndo movemento de graves, tendo en conta valores positivos e negativos das magnitudes, e expresar o resultado en unidades do Sistema Internacional. FQB4.4.2. Determina tempos e distancias de freada de vehículos e xustifica, a partir dos resultados, a importancia de manter a distancia de seguridade na estrada. FQB4.4.3. Argumenta a existencia do vector aceleración en calquera movemento curvilíneo e calcula o seu valor no caso do movemento circular uniforme.</p>
<p>B4.5. Elaborar e interpretar gráficas que relacionen as variables do movemento partindo de experiencias de laboratorio ou de aplicacións virtuais interactivas e relacionar os resultados obtidos coas ecuacións matemáticas que vinculan estas variables.</p>	<p>FQB4.5.1. Determina o valor da velocidade e a aceleración a partir de gráficas posición-tempo e velocidade-tempo en movementos rectilíneos. FQB4.5.2. Deseña, describe e realiza individualmente ou en equipo experiencias no laboratorio ou empregando aplicacións virtuais interactivas, para determinar a variación da posición e a velocidade dun corpo en función do tempo, e representa e interpreta os resultados obtidos.</p>
<p>B4.6. Recoñecer o papel das forzas como causa dos cambios na velocidade dos corpos e representalas vectorialmente.</p>	<p>FQB4.6.1. Identifica as forzas implicadas en fenómenos cotiáns nos que hai cambios na velocidade dun corpo. FQB4.6.2. Representa vectorialmente o peso, a forza normal, a forza de rozamento e a forza centripeta en casos de movementos rectilíneos e circulares.</p>

B4.7. Utilizar o principio fundamental da dinámica na resolución de problemas nos que interveñen varias forzas.	FQB4.7.1. Identifica e representa as forzas que actúan sobre un corpo en movemento nun plano tanto horizontal como inclinado, calculando a forza resultante e a aceleración.
B4.8. Aplicar as leis de Newton para a interpretación de fenómenos cotiáns.	FQB4.8.1. Interpreta fenómenos cotiáns en termos das leis de Newton. FQB4.8.2. Deduce a primeira lei de Newton como consecuencia do enunciado da segunda lei. FQB4.8.3. Representa e interpreta as forzas de acción e reacción en situacións de interacción entre obxectos.
B4.9. Valorar a relevancia histórica e científica que a lei da gravitación universal supuxo para a unificación das mecánicas terrestre e celeste, e interpretar a súa expresión matemática.	FQB4.9.1. Xustifica o motivo polo que as forzas de atracción gravitatoria só se poñen de manifesto para obxectos moi masivos, comparando os resultados obtidos de aplicar a lei da gravitación universal ao cálculo de forzas entre distintos pares de obxectos. FQB4.9.2. Obtén a expresión da aceleración da gravidade a partir da lei da gravitación universal relacionando as expresións matemáticas do peso dun corpo e a forza de atracción gravitatoria.
B4.10. Comprender que a caída libre dos corpos e o movemento orbital son dúas manifestacións da lei da gravitación universal.	FQB4.10.1. Razona o motivo polo que as forzas gravitatorias producen nalgúns casos movementos de caída libre e noutros casos movementos orbitais.
B4.11. Identificar as aplicacións prácticas dos satélites artificiais e a problemática xurdida polo lixo espacial que xeran.	FQB4.11.1. Describe as aplicacións dos satélites artificiais en telecomunicacións, predición meteorolóxica, posicionamento global, astronomía e cartografía, así como os riscos derivados do lixo espacial que xeran.
B4.12. Recoñecer que o efecto dunha forza non só depende da súa intensidade, senón tamén da superficie sobre a que actúa.	FQB4.12.1. Interpreta fenómenos e aplicacións prácticas nas que se pon de manifesto a relación entre a superficie de aplicación dunha forza e o efecto resultante. FQB4.12.2. Calcula a presión exercida polo peso dun obxecto regular en distintas situacións nas que varía a superficie en que se apoia; compara os resultados e extrae conclusións.

<p>B4.13. Interpretar fenómenos naturais e aplicacións tecnolóxicas en relación cos principios da hidrostática, e resolver problemas aplicando as expresións matemáticas destes.</p>	<p>FQB4.13.1. Xustifica razoadamente fenómenos en que se poña de manifesto a relación entre a presión e a profundidade no seo da hidrosfera e a atmosfera.</p> <p>FQB4.13.2. Explica o abastecemento de auga potable, o deseño dunha presa e as aplicacións do sifón, utilizando o principio fundamental da hidrostática.</p> <p>FQB4.13.3. Resolve problemas relacionados coa presión no interior dun fluído aplicando o principio fundamental da hidrostática.</p> <p>FQB4.13.4. Analiza aplicacións prácticas baseadas no principio de Pascal, como a prensa hidráulica, o elevador, ou a dirección e os freos hidráulicos, aplicando a expresión matemática deste principio á resolución de problemas en contextos prácticos.</p> <p>FQB4.13.5. Predí a maior ou menor flotabilidade de obxectos utilizando a expresión matemática do principio de Arquímedes, e verifica experimentalmente nalgún caso.</p>
<p>B4.14. Diseñar e presentar experiencias ou dispositivos que ilustren o comportamento dos fluídos e que poñan de manifesto os coñecementos adquiridos, así como a iniciativa e a imaxinación.</p>	<p>FQB4.14.1. Comproba experimentalmente ou utilizando aplicacións virtuais interactivas a relación entre presión hidrostática e profundidade en fenómenos como o paradoxo hidrostático, o tonel de Arquímedes e o principio dos vasos comunicantes.</p> <p>FQB4.14.2. Interpreta o papel da presión atmosférica en experiencias como o experimento de Torricelli, os hemisferios de Magdeburgo, recipientes invertidos onde non se derrama o contido, etc., inferindo o seu elevado valor.</p> <p>FQB4.14.3. Describe o funcionamento básico de barómetros e manómetros, e xustifica a súa utilidade en diversas aplicacións prácticas.</p>
<p>B4.15. Aplicar os coñecementos sobre a presión atmosférica á descrición de fenómenos meteorolóxicos e á interpretación de mapas do tempo, recoñecendo termos e símbolos específicos da meteoroloxía.</p>	<p>FQB4.15.1. Relaciona os fenómenos atmosféricos do vento e a formación de frentes coa diferenza de presións atmosféricas entre distintas zonas.</p>
<p>B5.1. Analizar as transformacións entre enerxía cinética e enerxía potencial, aplicando o principio de conservación da enerxía mecánica cando se despreza a forza de rozamento, e o principio xeral de conservación da enerxía cando existe disipación desta por mor do rozamento.</p>	<p>FQB5.1.1. Resolve problemas de transformacións entre enerxía cinética e potencial gravitatoria, aplicando o principio de conservación da enerxía mecánica.</p>
<p>B5.2. Recoñecer que a calor e o traballo son dúas formas de transferencia de</p>	<p>FQB5.2.1. Identifica a calor e o traballo como formas de intercambio de enerxía,</p>

enerxía, e identificar as situacións en que se producen.	distinguindo as acepcións coloquiais destes termos do seu significado científico.
	FQB5.2.2. Recoñece en que condicións un sistema intercambia enerxía en forma de calor ou en forma de traballo.
B5.3. Relacionar os conceptos de traballo e potencia na resolución de problemas, expresando os resultados en unidades do Sistema Internacional ou noutras de uso común.	FQB5.3.1. Acha o traballo e a potencia asociados a unha forza, incluíndo situacións en que a forza forma un ángulo distinto de cero co desprazamento, e expresar o resultado nas unidades do Sistema Internacional ou noutras de uso común, como a caloría, o kWh e o CV.
B5.4. Relacionar cualitativa e cuantitativamente a calor cos efectos que produce nos corpos: variación de temperatura, cambios de estado e dilatación.	FQB5.4.1. Describe as transformacións que experimenta un corpo ao gañar ou perder enerxía, determinar a calor necesaria para que se produza unha variación de temperatura dada e para un cambio de estado, e representar graficamente estas transformacións.
	FQB5.4.2. Calcula a enerxía transferida entre corpos a distinta temperatura e o valor da temperatura final aplicando o concepto de equilibrio térmico.
	FQB5.4.3. Relaciona a variación da lonxitude dun obxecto coa variación da súa temperatura utilizando o coeficiente de dilatación lineal correspondente.

Os seguintes contidos poderán ser vistos de xeito voluntario como ampliación no terceiro trimestre si as circunstancias o permiten e sempre de xeito voluntario por parte do alumnado. Só serán tidos en conta para unha posible mellora da calificación.

<b>Estándares de aprendizaxe e competencias de ampliación</b>	
<b>Criterio de avaliación</b>	<b>Estándar de aprendizaxe</b>
B2.1. Recoñecer a necesidade de usar modelos para interpretar a estrutura da materia utilizando aplicacións virtuais interactivas.	FQB2.1.1. Compara os modelos atómicos propostos ao longo da historia para interpretar a natureza íntima da materia, interpretando as evidencias que fixeron necesaria a evolución destes. FQB2.1.2. Utiliza as TIC ou aplicacións interactivas para visualizar a representación da estrutura da materia nos diferentes modelos atómicos.

<p>B2.2. Relacionar as propiedades dun elemento coa súa posición na táboa periódica e a súa configuración electrónica.</p>	<p>FQB2.2.1. Establece a configuración electrónica dos elementos representativos a partir do seu número atómico para deducir a súa posición na táboa periódica, os seus electróns de valencia e o seu comportamento químico.  FQB2.2.2. Distingue entre metais, non metais, semimetais e gases nobres, e xustifica esta clasificación en función da súa configuración electrónica.</p>
<p>B2.3. Agrupar por familias os elementos representativos e os elementos de transición segundo as recomendacións da IUPAC.</p>	<p>FQB2.3.1. Escribe o nome e o símbolo dos elementos químicos, e sitúalos na táboa periódica.</p>
<p>B2.4. Interpretar os tipos de enlace químico a partir da configuración electrónica dos elementos implicados e a súa posición na táboa periódica.</p>	<p>FQB2.4.1. Utiliza a regra do octeto e diagramas de Lewis para predicir a estrutura e a fórmula dos compostos iónicos e covalentes.  FQB2.4.2. Interpreta a información que ofrecen os subíndices da fórmula dun composto segundo se trate de moléculas ou redes cristalinas.</p>
<p>B2.5. Xustificar as propiedades dunha substancia a partir da natureza do seu enlace químico.</p>	<p>FQB2.5.1. Explica as propiedades de substancias covalentes, iónicas e metálicas en función das interaccións entre os seus átomos ou as moléculas.  FQB2.5.2. Explica a natureza do enlace metálico utilizando a teoría dos electróns libres, e relaciónaa coas propiedades características dos metais.  FQB2.5.3. Deseña e realiza ensaios de laboratorio que permitan deducir o tipo de enlace presente nunha substancia descoñecida.</p>
<p>B2.6. Nomear e formular compostos inorgánicos ternarios segundo as normas da IUPAC.</p>	<p>FQB2.6.1. Nomea e formula compostos inorgánicos ternarios, seguindo as normas da IUPAC.</p>
<p>B2.7. Recoñecer a influencia das forzas intermoleculares no estado de agregación e nas propiedades de substancias de interese.</p>	<p>FQB2.7.1. Xustifica a importancia das forzas intermoleculares en substancias de interese biolóxico.  FQB2.7.2. Relaciona a intensidade e o tipo das forzas intermoleculares co estado físico e os puntos de fusión e ebulición das substancias covalentes moleculares, interpretando gráficos ou táboas que conteñan os datos necesarios.</p>
<p>B2.8. Establecer as razóns da singularidade do carbono e valorar a súa importancia na constitución dun elevado número de compostos naturais e sintéticos.</p>	<p>FQB2.8.1. Explica os motivos polos que o carbono é o elemento que forma maior número de compostos.  FQB2.8.2. Analiza as formas alotrópicas do carbono, relacionando a estrutura coas propiedades.</p>

B2.9. Identificar e representar hidrocarburos sinxelos mediante distintas fórmulas, relacionalas con modelos moleculares físicos ou xerados por computador, e coñecer algunhas aplicacións de especial interese.	FQB2.9.1. Identifica e representa hidrocarburos sinxelos mediante a súa fórmula molecular, semidesenvolvida e desenvolvida. FQB2.9.2. Deduce, a partir de modelos moleculares, as fórmulas usadas na representación de hidrocarburos. FQB2.9.3. Describe as aplicacións de hidrocarburos sinxelos de especial interese.
B2.10. Recoñecer os grupos funcionais presentes en moléculas de especial interese.	FQB2.10.1. Recoñece o grupo funcional e a familia orgánica a partir da fórmula de alcohois, aldehidos, cetonas, ácidos carboxílicos, ésteres e aminas.
B3.1. Explicar o mecanismo dunha reacción química e deducir a lei de conservación da masa a partir do concepto da reorganización atómica que ten lugar.	FQB3.1.1. Interpreta reaccións químicas sinxelas utilizando a teoría de colisións, e deduce a lei de conservación da masa.
B3.2. Razoar como se altera a velocidade dunha reacción ao modificar algún dos factores que inflúen sobre ela, utilizando o modelo cinético-molecular e a teoría de colisións para xustificar esta predición.	FQB3.2.1. Predí o efecto que sobre a velocidade de reacción teñen a concentración dos reactivos, a temperatura, o grao de división dos reactivos sólidos e os catalizadores. FQB3.2.2. Analiza o efecto dos factores que afectan a velocidade dunha reacción química, sexa a través de experiencias de laboratorio ou mediante aplicacións virtuais interactivas nas que a manipulación das variables permita extraer conclusións.
B3.3. Interpretar ecuacións termoquímicas e distinguir entre reaccións endotérmicas e exotérmicas.	FQB3.3.1. Determina o carácter endotérmico ou exotérmico dunha reacción química analizando o signo da calor de reacción asociada.
B3.4. Recoñecer a cantidade de substancia como magnitude fundamental e o mol como a súa unidade no Sistema Internacional de Unidades.	FQB3.4.1. Realiza cálculos que relacionen a cantidade de substancia, a masa atómica ou molecular e a constante do número de Avogadro.
B3.5. Realizar cálculos estequiométricos con reactivos puros supondo un rendemento completo da reacción, partindo do axuste da ecuación química correspondente.	FQB3.5.1. Interpreta os coeficientes dunha ecuación química en termos de partículas e moles e, no caso de reaccións entre gases, en termos de volumes. FQB3.5.2. Resolve problemas, realizando cálculos estequiométricos, con reactivos puros e supondo un rendemento completo da reacción, tanto se os reactivos están en estado sólido como se están en disolución.
B3.6. Identificar ácidos e bases, coñecer o seu comportamento químico e medir a súa fortaleza utilizando indicadores e o pHmetro dixital.	FQB3.6.1. Utiliza a teoría de Arrhenius para describir o comportamento químico de ácidos e bases. FQB3.6.2. Establece o carácter ácido, básico ou neutro dunha disolución utilizando a

	escala de pH.
B3.7. Realizar experiencias de laboratorio nas que teñan lugar reaccións de síntese, combustión e neutralización, interpretando os fenómenos observados.	<p>FQB3.7.1. Deseña e describe o procedemento de realización dunha volumetría de neutralización entre un ácido forte e unha base forte, e interpreta os resultados.</p> <p>FQB3.7.2. Planifica unha experiencia e describe o procedemento para seguir no laboratorio que demostre que nas reaccións de combustión se produce dióxido de carbono mediante a detección deste gas.</p> <p>FQB3.7.3. Realiza algunhas experiencias de laboratorio nas que teñan lugar reaccións de síntese, combustión ou neutralización.</p>
B3.8. Valorar a importancia das reaccións de síntese, combustión e neutralización en procesos biolóxicos, en aplicacións cotiás e na industria, así como a súa repercusión ambiental.	<p>FQB3.8.1. Describe as reaccións de síntese industrial do amoníaco e do ácido sulfúrico, así como os usos destas substancias na industria química.</p> <p>FQB3.8.2. Valora a importancia das reaccións de combustión na xeración de electricidade en centrais térmicas, na automoción e na respiración celular.</p> <p>FQB3.8.3. Describe casos concretos de reaccións de neutralización de importancia biolóxica e industrial.</p>
B5.5. Valorar a relevancia histórica das máquinas térmicas como desencadeadores da Revolución Industrial, así como a súa importancia actual na industria e no transporte.	<p>FQB5.5.1. Explica ou interpreta, mediante ilustracións ou a partir delas, o fundamento do funcionamento do motor de explosión.</p> <p>FQB5.5.2. Realiza un traballo sobre a importancia histórica do motor de explosión e preséntao empregando as TIC.</p>
B5.6. Comprender a limitación que o fenómeno da degradación da enerxía supón para a optimización dos procesos de obtención de enerxía útil nas máquinas térmicas, e o reto tecnolóxico que supón a mellora do rendemento destas para a investigación, a innovación e a empresa.	<p>FQB5.6.1. Utiliza o concepto da degradación da enerxía para relacionar a enerxía absorbida e o traballo realizado por unha máquina térmica.</p> <p>FQB5.6.2. Emprega simulacións virtuais interactivas para determinar a degradación da enerxía en diferentes máquinas, e expón os resultados empregando as TIC.</p>
B1.8. Elaborar e defender un proxecto de investigación, aplicando as TIC.	FQB1.8.1. Elabora e defende un proxecto de investigación sobre un tema de interese científico, empregando as TIC.

## 2. Avaliación e cualificación

<b>Avaliación de alumnado con calificación positiva nos dous primeiros trimestres</b>	<u>Procedementos:</u> Os procedementos de avaliación para os dous primeiros trimestres son os recollidos nas respectivas programacións didácticas e aplicados ata a finalización do 2º trimestre ( 13 de marzo ). Para o alumnado cos dous primeiros trimestres superados proporánse no terceiro trimestre actividades de reforzo, recuperación, repaso e ampliación. Os procedementos de avaliación basearíanse en actividades realizadas e entregadas de xeito telemático como resposta a cuestións; realización de resumos, esquemas, e actividades de síntese; resolución de exercicios e problemas e lecturas comprensivas sobre a materia. Na actualidade todo o alumnado de secundaria mostrou conectividade e capacidade de recepción de tarefas a través da plataforma de ensinanza utilizada polo centro. ( Esemtia School ).
	<u>Instrumentos:</u> Os instrumentos de avaliación para os dous primeiros trimestres son os recollidos nas respectivas programacións didácticas e aplicados ata a finalización do 2º trimestre ( 13 de marzo ). Para a avaliación das tarefas realizadas a partir desa data utilizaranse como instrumentos de avaliación para as tarefas telemáticas a entrega dentro da data proposta da actividade proposta ( proporánse actividades de xeito semanal para todas as materias cun prazo de entrega dunha semana ); a correcta realización e presentación das actividades realizadas; a correcta expresión dos resultados e unidades de medida de ser o caso; a correcta expresión da linguaxe utilizada; a variedade e adecuación do léxico relativo á materia; a evolución persoal do alumno respecto aos trimestres anteriores; a autocorrección e detección de erros propios na posterior corrección unha vez recibida a solución da actividade; o seu sentido crítico e percepción do propio proceso de aprendizaxe a través das súas correccións e dos contactos telemáticos co profesorado. Hai un moi baixo número de alumnos que, pese a estar recibindo as actividades pola plataforma do centro, amosa dificultades para o envío periódico das actividades que vai realizando. Neste caso faise un seguimento semanal da realización das tarefas por parte do alumno pero sen recepción das mesmas, de xeito que se activará a entrega, recollida ou envío desas tarefas no mes de xuño para poder facer un diagnóstico de aprendizaxe a través dos instrumentos establecidos.
<b>Cualificación final do alumnado con calificación positiva nos dous primeiros</b>	<u>Procedemento para obter a cualificación final de curso:</u> A cualificación final obterase como media aritmética da cualificación obtida nos dous primeiros trimestres podendo ser mellorada nun 15% a través da realización das actividades propostas ao longo do terceiro trimestre. En ningún caso a cualificación final será inferior á media aritmética obtida nos trimestres anteriores.



<b>trimestres.</b>	
<b>Avaliación de alumnado con calificación negativa nos trimestres anteriores.</b>	<p><u>Procedementos:</u>          Proporáanse no terceiro trimestre actividades de reforzo, recuperación, repaso e ampliación que abarcarán os contidos vistos ao longo do curso baseándose nos obxectivos mínimos e nas competencias básicas de etapa. Os procedementos de avaliación basearíanse en actividades realizadas e entregadas de xeito telemático como resposta a cuestións; realización de resumos, esquemas, e actividades de síntese; resolución de exercicios e problemas e lecturas comprensivas sobre a materia.          Na actualidade todo o alumnado de secundaria mostrou conectividade e capacidade de recepción de tarefas a través da plataforma de ensinanza utilizada polo centro. ( Esemtia School ).</p>
	<p><u>Instrumentos:</u>          Para a avaliación das tarefas realizadas a partir desa data utilizaranse como instrumentos de avaliación para as tarefas telemáticas a entrega dentro da data proposta da actividade proposta ( proporáanse actividades de xeito semanal para todas as materias cun prazo de entrega dunha semana ); a correcta realización e presentación das actividades realizadas; a correcta expresión dos resultados e unidades de medida de ser o caso; a correcta expresión da linguaxe utilizada; a variedade e adecuación do léxico relativo á materia; a evolución persoal do alumno respecto aos trimestres anteriores; a autocorrección e detección de erros propios na posterior corrección unha vez recibida a solución da actividade; o seu sentido crítico e percepción do propio proceso de aprendizaxe a través das súas correccións e dos contactos telemáticos co profesorado.</p>
<b>Cualificación final do alumnado con calificación negativa nos trimestres anteriores.</b>	<p>No caso do alumnado con calificación negativa nos trimestres anteriores, a súa calificación final non superará o 6. Esta calificación estará baseada nas tarefas realizadas ao longo do terceiro trimestre por vía telemática e nos criterios de avaliación especificados no apartado 1 cos instrumentos de avaliación propostos xa neste mesmo apartado.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Entrega en prazo. ( 10% )</li> <li>- Correcta realización e presentación. ( 20% )</li> <li>- Expresión dos resultados. ( 20% )</li> <li>- Utilización correcta da linguaxe. ( 10% )</li> <li>- Variedade e adecuación do léxico relativo á materia. ( 10% )</li> <li>- Evolución persoal do alumno respecto aos trimestres anteriores.( 10% )</li> <li>- Autocorrección. ( 10% )</li> <li>- Sentido crítico e percepción do propio proceso de aprendizaxe. ( 10% )</li> </ul> <p>No caso de alumnos que transmitisen a súa imposibilidade de envío telemático de tarefas, non se terá en conta o criterio de prazo de entrega, obtendo a calificación final por ponderación do resto de</p>

	instrumentos de avaliación.
<b>Proba extraordinaria de setembro</b>	Aqueles alumnos que non logren superar os mínimos propostos para unha ou varias materias serán avaliados en setembro a través dunha proba presencial na que se avaliarán os criterios e estándares especificados no apartado 1 baseándose nas actividades de reforzo, recuperación e repaso que se traballaron ao longo do terceiro trimestre. No caso de que as condicións sanitarias no permitan a presencialidade da proba, esta será proposta por vía telemática a través da plataforma do centro.
<b>Alumnado con materias pendentes de cursos anteriores.</b>	<u>Criterios de avaliación:</u> Para os alumnos con materias pendentes de cursos anteriores, aplícaranse os mesmos criterios de avaliación que para os alumnos que cursan esa materia de maneira ordinaria tendo en conta o seu plan específico de recuperación.
	<u>Criterios de cualificación:</u> A cualificación será obtida baixo os mesmos criterios que para o resto do alumnado, tendo tamén en consideración o plan específico de recuperación de cada alumno.
	<u>Procedementos e instrumentos de avaliación:</u> O alumnado con materias pendentes de cursos anteriores será avaliado tendo en conta os mesmos procedementos e instrumentos de avaliación que o alumnado que cursa a materia de xeito ordinario pero facendo as tarefas de recuperación, repaso e reforzo para recuperar os dous primeiros trimestres.

<b>3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre(recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)</b>	
<b>Actividades</b>	Resposta a cuestións; realización de resumos, esquemas, e actividades de síntese; resolución de exercicios e problemas e lecturas comprensivas sobre a materia, visionado de vídeos, realización de presentacións interactivas.
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	Posto que todo o alumnado do centro mostrou conectividade, todos seguirán a mesma metodoloxía, coa única excepción da vía de entrega das tarefas pois nalgún caso excepcional, non teñen posibilidade de entrega telemática aínda que sí de recepción.

	A metodoloxía basearase na recepción do material educativo a través da plataforma educativa do centro ( Esemtia School ) e a conexión co profesorado a través das aulas virtuais da mesma plataforma. Buscarase a aprendizaxe autónoma do alumnado co seguimento periódico do profesorado.
<b>Materiais e recursos</b>	O principal recurso será a plataforma educativa do centro, ademais de recursos de elaboración propia por parte do profesorado. En 3º e 4º ESO os libros de texto serán utilizados como apoio polo alumnado que dispón dos recursos dixitais das correspondentes editoriais ( plataforma “sm educamos” por exemplo ), ademais da utilización de recursos propios.

<b>4. Información e publicidade</b>	
<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	O alumnado será informado a través da plataforma Esemtia School á que todos tiveron xa acceso. As familias a través do correo desta mesma plataforma.
<b>Publicidade</b>	Publicación na páxina web do centro.

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: COLEXIO PLURILINGÜE VIRXE MILAGROSA BUEU

CURSO: 4º ESO

MATERIA: INICIACIÓN Á ACTIVIDADE EMPRENDEDORA E EMPRESARIAL

DEPARTAMENTO:

DATA: 15/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 1 DE 4	CENTRO: COLEXIO PLURILINGÜE VIRXE MILAGROSA BUEU CURSO: 4º ESO MATERIA: INICIACIÓN Á ACTIVIDADE EMPREENDEDORA E EMPRESARIAL
---	---------------	---

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1. Describir as calidades persoais e as destrezas asociadas á iniciativa emprendedora, analizando os requisitos de distintos postos de traballo e actividades empresariais.	IAEEB1.1.1. Identifica as calidades persoais, as actitudes, as aspiracións e a formación propias das persoas con iniciativa emprendedora, e describe a actividade dos/das empresarios/as e o seu papel na xeración de traballo e benestar social.
B1.2. Tomar decisións sobre o itinerario vital propio comprendendo as posibilidades de emprego, o autoemprego e a carreira profesional, en relación coas habilidades persoais e as alternativas de formación e aprendizaxe ao longo da vida.	IAEEB1.2.1. Deseña un proxecto de carreira profesional propia relacionando as posibilidades do ámbito coas calidades e as aspiracións persoais, e valorando a opción do autoemprego e a necesidade de formación ao longo da vida.
B1.3. Actuar como futuro/a traballador/a responsable coñecendo os seus dereitos e deberes como tal, valorando a acción do Estado e da Seguridade Social na protección da persoa empregada, e comprendendo a necesidade de protección dos riscos laborais.	IAEEB1.3.1. Identifica as normas e as institucións que interveñen nas relacións entre os/as traballadores/as e as empresas, en relación co funcionamento do mercado de traballo. IAEEB1.3.3. Describe as bases do sistema da Seguridade Social e as obrigas dos/das traballadores/as e dos/das empresarios/as dentro deste, así como as prestacións mediante procuras nas web institucionais, valorando a súa acción protectora ante as continxencias cubertas.
B3.1. Describir as formas xurídicas das empresas en relación coas responsabilidades legais dos/das seus/súas propietarios/a e xestores/as, así como coas esixencias de capital.	IAEEB3.1.1. Distingue as formas xurídicas das empresas e indica as esixencias de capital e responsabilidades propias de cada tipo. IAEEB3.1.3. Valora as tarefas de apoio, rexistro, control e fiscalización que realizan as autoridades no proceso de creación de empresas, e describe os trámites que se deben realizar. IAEEB3.1.4. Selecciona a forma xurídica máis axeitada en cada caso segundo a actividade que se vaia desenvolver, o número de emprendedores/as, o alcance da responsabilidade que se vaia asumir, a complexidade organizativa, a dispoñibilidade financeira e a fiscalidade.
B3.2. Identificar as fontes de financiamento das empresas propias de cada forma xurídica, incluíndo as externas e internas, e valorar as máis axeitadas para cada tipo e momento no ciclo de vida da empresa.	IAEEB3.2.2. Caracteriza de xeito básico as posibilidades de financiamento das empresas, diferenciando o financiamento externo e o interno, a curto e a longo prazo, así como o custo de cada unha e as implicacións na marcha da empresa.
B3.3. Recoñecer a necesidade de planificar o negocio das empresas ligándoa á previsión da evolución do sector e da economía nacional, así como da planificación financeira e fiscal.	IAEEB3.3.2. Analiza os produtos financeiros máis axeitados de entre as entidades financeiras do ámbito para cada tipo de empresa, valorando o custo e o risco de cada un, e selecciona os máis acaído para o proxecto de empresa. IAEEB3.3.3. Identifica as obrigas fiscais das empresas segundo a súa actividade e a súa forma xurídica, sinala o funcionamento básico do IAE, IVE, IRPF e IS, e indica as principais diferenzas entre eles.

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

## 2. Avaliación e cualificación

<b>Avaliación</b>	<p><u>Procedementos:</u> Os procedementos de avaliación para os dous primeiros trimestres son os recollidos na respectiva programación didáctica e aplicados ata a finalización do 2º trimestre ( 13 de marzo ).</p> <p><i>3ª AVALIACIÓN: AULA VIRTUAL</i> Proporanse no terceiro trimestre actividades de reforzo, recuperación, repaso e ampliación. Os procedementos de avaliación basearanse en actividades realizadas e entregadas de xeito telemático como: resposta a cuestións; realización de resumos, esquemas, e actividades de síntese; resolución de exercicios e problemas e lecturas comprensivas sobre a materia. Na actualidade todo o alumnado da materia mostrou conectividade e capacidade de recepción de tarefas a través da plataforma de ensinanza utilizada polo centro (Esemtia School).</p>
	<p><u>Instrumentos:</u> Os instrumentos de avaliación para os dous primeiros trimestres son os recollidos na respectiva programación didáctica e aplicados ata a finalización do 2º trimestre ( 13 de marzo ).</p> <p><i>3ª AVALIACIÓN: AULA VIRTUAL</i> Para a avaliación das tarefas realizadas a partir desa data utilizaranse como instrumentos de avaliación para as tarefas telemáticas: a entrega dentro da data da actividade proposta; a correcta realización e presentación das actividades realizadas; a correcta expresión da linguaxe utilizada; a variedade e adecuación do léxico relativo á materia; a evolución persoal do alumno respecto aos trimestres anteriores.</p>
<b>Cualificación final</b>	<p>A nota final do curso será a media ponderada do primeiro e segundo trimestre. O terceiro trimestre só se computará para beneficiar ó alumno aumentando como máximo un 10% a nota final. O criterio que rexe ese 10% é o seguinte: A realización das tarefas de elaboración propia: Cunha frecuencia semanal, poden ser exercicios, resumos, mapas conceptuais , comprensión lectoras, asistencia e participación nas videoconferencias, traballos de investigación, etc.</p>
<b>Proba extraordinaria de setembro</b>	<p>Aquel alumnado que non logre superar os mínimos propostos será avaliado en setembro a través dunha proba presencial na que se avaliarán os criterios e estándares especificados no apartado 1 baseándose nas actividades de reforzo, recuperación e repaso que se traballaron ao longo do terceiro trimestre. No caso de que as condicións sanitarias non permitan a presencialidade da proba, esta será proposta por vía telemática a través da plataforma do centro.</p>
<b>Alumnado con materia pendente</b>	<p>Non hai alumnado coa materia pendente de anos anteriores.</p>

### 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

<b>Actividades</b>	Resposta a cuestións; realización de resumos, esquemas, e actividades de síntese; resolución de exercicios e problemas e lecturas comprensivas sobre a materia, visionado de vídeos, realización de presentacións interactivas.
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	Posto que todo o alumnado da materia mostrou conectividade, a metodoloxía basearase na recepción do material educativo a través da plataforma educativa do centro (Esemtia School) e a conexión co profesorado a través das aulas virtuais da mesma plataforma. Buscarase a aprendizaxe autónoma do alumnado co seguimento periódico do profesorado.
<b>Materiais e recursos</b>	Material elaborado pola docente

### 4. Información e publicidade

<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	O alumnado será informado a través da plataforma Esemtia School á que todos tiveron xa acceso. As familias a través do correo desta mesma plataforma.
<b>Publicidade</b>	Publicación na páxina web do centro.



# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: VIRXE MILAGROSA -BUEU FUNDACIÓN EDUCERE  
CURSO: 4º ESO  
MATERIA: LINGUA CASTELÁ E LITERATURA  
DEPARTAMENTO: LINGUAS  
DATA: MAIO 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

## LENGUA CASTELLANA Y LITERATURA 4º ESO

Criterios de evaluación	Estándares de Aprendizaje
Boque 2. Comunicación escrita: leer y escribir.	
B2.2. Leer, comprender, interpretar y valorar textos escritos en diferentes soportes y formatos.	LCLB2.2.1. Reconoce y expresa el tema, las ideas principales, la estructura y la intención comunicativa de textos escritos propios de los ámbitos personal, educativo, social y laboral, y de relaciones con organizaciones, identificando la tipología textual seleccionada (narración, exposición, etc.), la organización del contenido y el formato utilizado.
B2.3. Manifestar una actitud crítica ante la lectura de cualquier tipo de textos u obras literarios a través de una lectura reflexiva que permita identificar posturas de acuerdo o desacuerdo, respetando siempre las opiniones de los demás.	LCLB2.3.1. Identifica y expresa las posturas de acuerdo y desacuerdo sobre aspectos parciales o globales de un texto.
B2.5. Aplicar progresivamente las estrategias necesarias para producir textos adecuados, coherentes y cohesionados.	LCLB2.5.3. Escribe textos en diferentes soportes usando el registro adecuado, organizando las ideas con claridad, enlazando enunciados en secuencias lineales cohesionadas, y respetando las normas gramaticales y ortográficas.
B2.7. Valorar la importancia de la lectura y la escritura como herramientas de adquisición de los aprendizajes y como estímulo del desarrollo personal.	LCLB2.7.1. Produce textos diversos reconociendo en la escritura el instrumento que es capaz de organizar su pensamiento. LCLB2.7.3. Valora e incorpora progresivamente una actitud creativa ante la lectura y la escritura.
Bloque 3. Conocimiento de la lengua	
B3.1. B3.2 B3.3 B3.4 Reconocer y explicar los valores expresivos que adquieren determinadas categorías gramaticales, los prefijos y sufijos, las formas verbales y los distintos niveles de significado de las palabras y	LCLB3.2.1. LCLB3.2.2. LCLB3.2.3.  LCLB3.2.4.  Reconoce y explica los valores expresivos que adquieren determinadas categorías gramaticales, los prefijos y los sufijos, las formas
ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 2 DE 7

expresiones en relación con la intención comunicativa del texto en donde aparecen.	verbales u los distintos niveles de significado de las palabras y expresiones en relación con la intención comunicativa del texto en donde aparecen.
B3.6. Explicar y describir los rasgos que determinan los límites oracionales para reconocer la estructura de las oraciones compuestas.	LCLB3.6.1. Transforma y amplía oraciones simples en oraciones compuestas, usando conectores y otros procedimientos de sustitución para evitar repeticiones. LCLB3.6.2. Reconoce la palabra nuclear que organiza sintácticamente y semánticamente un enunciado, así como los elementos que se agrupan alrededor de ella. LCLB3.6.3. Reconoce la equivalencia semántica y funcional entre el adjetivo, el sustantivo y algunos adverbios con oraciones de relativo, sustantivas y adverbiales respectivamente, transformando y ampliando adjetivos, sustantivos y adverbios en oraciones subordinadas e insertándolas como constituyentes de otra oración.
B3.12. Reflexionar sobre el sistema y las normas de uso de las lenguas, mediante la comparación y la transformación de textos, enunciados y palabras, y utilizar estos conocimientos para solucionar problemas de comprensión y para la producción de textos.	LCLB3.12.1. Utiliza los conocimientos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional y de la palabra desarrollados en el curso en una de las lenguas, para mejorar la comprensión y la producción de los textos trabajados en cualquiera de las otras.
<b>Bloque 4. Educación literaria.</b>	
B4.1. Favorecer la lectura y comprensión de obras literarias de la literatura española (desde el siglo XVIII hasta la Generación del 27) y europea (contemporáneas a las anteriores).	LCLB4.1.1. Lee y comprende con un grado creciente de interés y autonomía obras literarias próximas a sus gustos y a sus aficiones.
B4.3. Fomentar el gusto y el hábito por la lectura en todas sus vertientes: como fuente de acceso al conocimiento y como instrumento de ocio y diversión que permite explorar mundos diferentes a los nuestros, reales o imaginarios.	LCLB4.3.1. Escribe de los libros y comparte sus impresiones con el profesor.
B4.4. Comprender textos literarios representativos desde el siglo XVIII a principios del siglo XX, reconociendo	LCLB4.4.1. Lee y comprende una selección de textos literarios representativos de la literatura desde el siglo XVIII a principios del siglo XX,

la intención del/de la autor/a, el tema y los rasgos propios del género al que pertenece, y relacionando su contenido con el contexto sociocultural y literario de la época, o de otras épocas, y expresando la relación con juicios personales razonados.	identificando el tema, resumiendo su contenido e interpretando el lenguaje literario
--	--

<b>1. Avaliación e cualificación</b>	
<b>Avaliación</b>	Procedementos: Recepción e análise das producións do alumnado.
	Instrumentos: Tarefas semanais enviadas e recibidas a través da plataforma Moodle de Esemtia fundamentalmente. En casos especiais contéplase a posibilidade de envío a través de correos electrónicos ou mesmo a entrega do material no mesmo centro cando as autoridades sanitarias así o permitan.
<b>Cualificación final e recuperación das avaliacións pendentes</b>	<p>Para o alumnado coas dúas primeiras avaliacións aprobadas, a súa nota da terceira avaliación e a da avaliación ordinaria de xuño (que coincidirán) obterase a partir da media desas dúas. Terase en conta tamén as entregas durante este período para mellorar esa media.</p> <p>O alumnado que teña a primeira e / ou segunda avaliación suspensas conseguirán o aprobado nelas aprobando a terceira avaliación independentemente das notas das dúas anteriores. Para conseguir este aprobado deberá ter feitos e entregados todos os envíos de tarefa. Esta é a fórmula da avaliación continua. Unha vez máis, a nota da terceira avaliación coincidirá coa da avaliación ordinaria de xuño.</p>
<b>Proba extraordinaria de setembro</b>	O alumnado que non alcance a calificación de 5 despois de facer a media entre as dúas primeiras avaliacións e non entregue tarefa durante este periodo terá que facer esta proba.
<b>Alumnado de materia pendente do curso anterior</b>	<p>Criterios de avaliación:</p> <p>Aplicaremos os criterios mínimos esixibles presentes na programación anual da materia do curso 2019-20.</p>
	<p>Criterios de cualificación:</p> <p>Elaboración correcta das tarefas de repaso e a súa entrega seguindo o calendario establecido polo equipo docente da ESO. Este calendario inclúe uns días a principios de xuño para a entrega presencial no centro.</p>
	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación:</p> <p>Exercicios de repaso semellantes aos realizados durante o curso anterior empregando o libro de texto dese curso.</p>

<b>1. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre(recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)</b>	
<b>Actividades</b>	Actividades de gramática (incluída a sintaxe), vocabulario (incluída a morfoloxía), visionado de vídeos, composición e comprensión de textos que supoñen un repaso e reforzo da primeira e segunda avaliacións e, no seu caso a recuperación destas. Ademais vanse intercalando certos contidos novos acompañando aos anteriores.
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	Utilízase basicamente a plataforma Moodle de Esemtia do centro para o envío e recepción das tarefas. Hai distinto nivel de conectividade entre o alumnado e distintas capacidades dixitais co cal o envío faise tamén por outras vías como o correo electrónico. Realízanse tamén video-conferencias semanais cos titores e algunhas chamadas telefónicas. Asimesmo hai un prazo de entrega presencial de materiais a principios de xuño para aquel alumnado que puidera ter algún problema puntual de conectividade.
<b>Materiais e recursos</b>	Libros de texto impresos e dixitais, gravacións e audios online, fichas adaptadas polo profesorado, material de diverso tipo recollido de internet...

<b>1. Información e publicidade</b>	
<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	O alumnado será informado a través da plataforma Esemtia School. As familias a través de Esemtia.
<b>Publicidade</b>	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.



# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: COLEXIO VIRXE MILAGROSA-BUEU FUNDACIÓN  
EDUCERE

CURSO: 4º ESO

MATERIA: LINGUA FRANCESA

DEPARTAMENTO: LINGUAS ESTRANXEIRAS

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Identificar a idea xeral, os puntos máis relevantes e información importante en textos escritos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, breves e ben estruturados escritos nun rexistro neutro ou informal, que traten de asuntos habituais en situacións cotiás, de aspectos concretos de temas de interese persoal ou educativo, e que conteñan estruturas sinxelas e un léxico de uso frecuente.	Comprende un texto en calquera formato en que se fala dun mesmo; descríbense persoas, obxectos, lugares e actividades; nárranse acontecementos pasados, e exprésanse de maneira sinxela sentimentos, desexos e plans, e opinións sobre temas xerais, coñecidos ou do seu interese.
Coñecer, e utilizar para a comprensión do texto, os aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos á vida cotiá (hábitos de estudo e de traballo, actividades de lecer, condicións de vida e contorna, relacións interpersoais (entre homes e mulleres, no centro educativo, no ámbito público), e convencións sociais (costumes, tradicións).	Fai comentarios comparando os aspectos socioculturais do ámbito francófono co seu propio.
Escribir, en papel ou en soporte dixital, textos breves, sinxelos e de estrutura clara sobre temas habituais en situacións cotiás ou do propio interese, nun rexistro neutro ou informal, utilizando recursos básicos de cohesión, as convencións ortográficas básicas e os signos de puntuación máis frecuentes.	Completa un cuestionario, redacta notas, mensaxes e pequenos textos expositivos e narrativos.
Recoñecer léxico escrito de uso frecuente relativo a asuntos cotiáns e a aspectos concretos de temas xerais ou relacionados cos propios intereses ou estudos, e inferir do contexto, con apoio visual, os significados de palabras e expresións que se descoñecen.	Contesta a preguntas xerais e específicas sobre un texto.
Identificar o sentido xeral, os puntos principais e a información máis importante en textos orais breves e ben estruturados, transmitidos por medios técnicos e articulados a velocidade lenta, nun rexistro formal,	Capta a información máis importante de indicacións, anuncios, mensaxes, relatos, conversas e comunicados breves e articulados de maneira lenta e clara.

<p>informal ou neutro, e que versen sobre asuntos habituais en situacións cotiás ou sobre aspectos concretos de temas xerais ou do propio campo de interese nos ámbitos persoal, público, e educativo, sempre que as condicións acústicas non distorsionen a mensaxe e se poida volver escoitar o devandito.</p>	
<p>4º ESO</p> <p>Coñecer e empregar o vocabulario referido a estes campos semánticos: les émotions, les sentiments, les sensations, le corps, les transports, les villes et les pays, le temps et la fréquence, les traits de caractère, les verbes introducteurs du discours, les expressions imagées, la météo et certains phénomènes naturels, les professions, l'environnement, les expressions imagées (météo), les tâches ménagères, la vie quotidienne et les expressions imagées (ménage).</p>	<p>Demostra que coñece e manexa con soltura ese vocabulario a través dos exercicios propostos.</p>
<p>Coñecer e manexar con soltura estes puntos gramaticais: le présent, le passé composé, le futur simple et l'imparfait, l'impératif, le besoin et l'obligation, le passé composé et l'imparfait, les pronoms relatifs, l'imparfait d'habitude, les adjectifs démonstratifs et les pronoms toniques, les pronoms possessifs, le discours indirecta u présent, les différentes formes de l'interrogation, les adjectifs et les pronoms interrogatifs, les moments de l'action, la mise en relief, la restriction, la formation du subjonctif, l'obligation et l'interdiction.</p>	<p>Demostra que coñece e manexa con soltura estes puntos gramaticais a través dos exercicios propostos.</p>

<b>1. Avaliación e cualificación</b>	
<b>Avaliación</b>	Procedementos: Recepción e análise das producións do alumnado.
	Instrumentos: Tarefas semanais enviadas e recibidas a través da plataforma Moodle de Esemtia fundamentalmente. En casos especiais contéplase a posibilidade de envío a través de correos electrónicos ou mesmo a entrega do material no mesmo centro cando as autoridades sanitarias así o permitan.
<b>Cualificación final e recuperación das avaliacións pendentes</b>	<p>Para o alumnado coas dúas primeiras avaliacións aprobadas, a súa nota da terceira avaliación e a da avaliación ordinaria de xuño (que coincidirán) obterase a partir da media desas dúas. Terase en conta tamén as entregas durante este período para mellorar esa media.</p> <p>O alumnado que teña a primeira e / ou segunda avaliación suspensas conseguirán o aprobado nelas aprobando a terceira avaliación independentemente das notas das dúas anteriores. Para conseguir este aprobado deberá ter feitos e entregados todos os envíos de tarefa. Esta é a fórmula da avaliación continua. Unha vez máis, a nota da terceira avaliación coincidirá coa da avaliación ordinaria de xuño.</p>
<b>Proba extraordinaria de setembro</b>	O alumnado que non alcance a calificación de 5 despois de facer a media entre as dúas primeiras avaliacións e non entregue tarefa durante este período terá que facer esta proba.
<b>Alumnado de materia pendente do curso anterior</b>	

<b>1. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre(recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)</b>	
<b>Actividades</b>	Actividades de vocabulario, gramática, audios, composición e comprensión de textos que supoñen un repaso e reforzo da primeira y segunda avaliacións e, no seu caso a recuperación destas. Ademais vanse intercalando certos contidos novos acompañando aos anteriores.
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	Utilízase basicamente a plataforma Moodle de Esemtia do centro para o envío e recepción das tarefas. Hai distinto nivel de conectividade entre o alumnado e distintas capacidades dixitais co cal o envío faise tamén por outras vías como o correo electrónico. Realízanse tamén video-conferencias semanais cos titores e algunhas chamadas telefónicas. Asimesmo hai un prazo de entrega presencial de materiais a principios de xuño para aquel alumnado que puidera ter algún problema puntual de conectividade.
<b>Materiais e recursos</b>	Libros de texto impresos e dixitais, gravacións e audios online, fichas adaptadas polo profesorado, material de diverso tipo recollido de internet...

<b>1. Información e publicidade</b>	
<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	O alumnado será informado a través da plataforma Esemtia School. As familias a través de Esemtia.
<b>Publicidade</b>	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: VIRXE MILAGROSA  
CURSO:4º ESO  
MATERIA:Lingua galega e literatura.  
DEPARTAMENTO: Linguas.  
DATA:15/05/20

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.



## ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

### LINGUA GALEGA E LITERATURA 4º ESO

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<b>Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir.</b>	
<ul style="list-style-type: none"><li>▪ B2.1. Empregar estratexias e técnicas que faciliten a lectura comprensiva e crítica dos textos</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>▪ LGB2.1.1. Emprega pautas e estratexias que facilitan a análise do contido (resumos, cadros, esquemas e mapas conceptuais).</li><li>▪ LGB2.1.2. Aplica os coñecementos lingüísticos propios (gramaticais e léxicos) e recursos alleos (dicionarios e outras fontes de documentación) para solucionar problemas de comprensión.</li><li>▪ LGB2.1.3. Elabora o esquema xerarquizado de ideas dun texto.</li><li>▪ LGB2.1.5. Entende o significado de palabras propias do rexistro culto e incorpóraas ao seu discurso.</li></ul>
<ul style="list-style-type: none"><li>▪ B2.3. Comprender e interpretar textos relacionados co ámbito educativo, tanto materiais de consulta (dicionarios, glosarios, enciclopedias, etc.), como libros de texto e recursos de temas especializados en internet.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>▪ LGB2.3.1. Comprende textos relacionados co ámbito educativo, tanto materiais de consulta (dicionarios, glosarios, enciclopedias, etc.), como libros de texto e recursos de temas especializados en internet.</li><li>▪ LGB2.3.2. Interpreta a información de mapas, gráficas, diagramas.</li></ul>
<ul style="list-style-type: none"><li>▪ B2.4. Comprender e interpretar textos argumentativos.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>▪ LGB2.4.1. Identifica o tema e a intención comunicativa de textos argumentativos.</li></ul>
<ul style="list-style-type: none"><li>▪ B2.5. Comprende e interpreta textos xornalísticos de opinión: carta ao director, editorial, columna e artigo de opinión.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>▪ LGB2.5.2. Valora a intención comunicativa dun texto xornalístico e distingue entre información, opinión e persuasión.</li></ul>
<ul style="list-style-type: none"><li>▪ B2.9. Empregar estratexias e técnicas axeitadas para producir escritos adecuados, coherentes e ben cohesionados desde o punto de vista comunicativo (planificación, organización, redacción e revisión).</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>▪ LGB2.9.1. Utiliza distintas técnicas de planificación para organizar o seu discurso (diferentes tipos de esquemas e mapas conceptuais).</li><li>▪ LGB2.9.4. Coñece as regras ortográficas e as normas morfosintácticas e sérvese das ferramentas lingüísticas ao seus alcance (correctores, dicionarios e gramáticas) para aplicarlas correctamente</li></ul>
<b>Bloque 3. Funcionamento da lingua.</b>	
<ul style="list-style-type: none"><li>▪ B3.1. Recoñecer e explicar os valores de léxico preciso de diferentes categorías</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>▪ LGB3.1.1. Recoñece, explica e usa un léxico amplo e preciso de diferentes categorías</li></ul>

gramaticais, así como da fraseoloxía.	gramaticais.
▪ B3.4. Recoñecer e usar a fonética da lingua galega.	▪ LGB3.4.1. Recoñece e usa adecuadamente a fonética da lingua galega, con especial atención á entoación, ás vogais de grao medio e ao n velar.
▪ B3.6. Aplica e valora as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.	▪ LGB3.6.1. Aplica correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega nos discursos orais e escritos.
▪ B3.7. Analizar e usar correctamente a puntuación, de acordo coa cohesión sintáctica.	▪ LGB3.7.1. Analiza e usa correctamente a puntuación, de acordo coa cohesión sintáctica.
▪ B3.8. Recoñecer e usar enunciados e oracións, identificando as principais regras de combinación impostas polo verbos.	▪ LGB3.8.1. Recoñece enunciados e identifica a palabra nuclear que o organiza sintáctica e semanticamente. ▪ LGB3.8.2. Recoñece a estrutura interna das oracións, identificando o verbo e os seus complementos. ▪ LGB3.8.4. Clasifica oracións segundo a natureza do predicado. ▪ LGB3.8.5. Usa a terminoloxía sintáctica correcta.
<b>Bloque 4. Lingua e sociedade.</b>	
▪ B4.1. Valorar as linguas como medios de relación interpersonal e de sinal de identidade dun pobo, apreciar o plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade e coñecer e describir o papel da lusofonía nas linguas do mundo no século XXI.	▪ LGB4.1.3. Coñece os territorios que forman parte da comunidade lusófona e sabe describir a súa importancia dentro das linguas do mundo no século XXI.
▪ B4.4. Recoñecer os principais elementos de evolución da lingua galega, así como identificar as causas e consecuencias dos feitos máis relevantes da súa historia social, e sinalar as distintas etapas desde 1916.	▪ LGB4.4.1. Recoñece os principais elementos da evolución da lingua galega desde 1916 ata mediados do século XX. ▪ LGB4.4.3. Identifica as causas dos feitos máis relevantes da historia social da lingua galega desde 1916. ▪ LGB4.4.4. Identifica as consecuencias dos feitos máis relevantes da historia social da lingua galega desde 1916.
▪ B4.7. Recoñecer e valorar os principais fenómenos que caracterizan as variedades xeográficas, diastráticas e diafásicas da lingua galega e da función da lingua estándar.	▪ LGB4.7.1. Recoñece os principais fenómenos que caracterizan as variedades xeográficas da lingua galega. ▪ LGB4.7.2. Recoñece os trazos da variedade estándar da lingua galega. ▪ LGB4.7.5. Recoñece as variedades diastráticas e diafásicas da lingua galega e describe o

	influxo da situación sociolingüística nelas.
<b>Bloque 5. Educación literaria.</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.1. Identificar e comprender os distintos períodos e xeracións da literatura galega de 1916 ata a posguerra.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGLB5.1.1. Identifica os distintos períodos e xeracións da literatura galega de 1916 ata a posguerra.</li> <li>▪ LGLB5.1.2. Comprende e explica razoadamente os distintos períodos da literatura galega de 1916 ata a posguerra sinalando os seus principais trazos característicos.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.2. Comentar textos de obras representativas da literatura galega de 1916 ata a mediados do século XX e relaciona o seu contido co contexto histórico, cultural e sociolingüístico de cada período.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB5.2.3. Comenta, de forma guiada ou libre, textos de obras da Literatura galega desde 1916 ata a mediados do século XX, sinala os seus trazos característicos definitorios e relaciónaos co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período da literatura galega correspondente</li> </ul>

## 2. Avaliación e cualificación

<b>Avaliación de alumnado con calificación positiva nos dous primeiros trimestres</b>	<p><u>Procedementos:</u> Os procedementos de avaliación para os dous primeiros trimestres son os recollidos nas respectivas programacións didácticas e aplicados ata a finalización do 2º trimestre ( 13 de marzo ).</p> <p>Para o alumnado cos dous primeiros trimestres superados proporanse no terceiro trimestre actividades de reforzo, recuperación, repaso e ampliación. Os procedementos de avaliación basearase en actividades realizadas e entregadas de xeito telemático. Na actualidade todo o alumnado de secundaria mostrou conectividade e capacidade de recepción de tarefas a través da plataforma de ensinanza posta a disposición do alumnado polo centro ( Esemtia School ) e da plataforma que xa existía para as familias (Esemtia familias).</p>
	<p><u>Instrumentos:</u> Os instrumentos de avaliación para os dous primeiros trimestres son os recollidos nas respectivas programacións didácticas e aplicados ata a finalización do 2º trimestre ( 13 de marzo ).</p> <p>Para a avaliación das tarefas realizadas a partir desa data utilizaranse como instrumentos de avaliación para as tarefas telemáticas a entrega dentro da data indicada das actividades propostas ( propóñense actividades de xeito semanal cun prazo de entrega dunha semana ); a correcta realización e presentación das actividades ; a autocorrección e detección de erros propios na posterior corrección unha vez recibida a solución da actividade e a evolución persoal do alumno respecto aos trimestres anteriores.</p> <p>Hai un moi baixo número de alumnos que, pese a estar recibindo as actividades pola plataforma do centro, amosa dificultades para o envío periódico das actividades que vai realizando. Neste caso faise un seguimento semanal da realización das tarefas por parte do alumnado pero sen recepción das mesmas, de xeito que se activará a entrega, recollida ou envío desas tarefas no mes de xuño para poder facer un diagnóstico de aprendizaxe a través dos instrumentos establecidos.</p>
<b>Cualificación final do alumnado con calificación positiva nos dous primeiros trimestres.</b>	<p><u>Procedemento para obter a cualificación final de curso:</u> A cualificación final obterase como media aritmética da cualificación obtida nos dous primeiros trimestres podendo ser mellorada nun 15% a través da realización das actividades propostas ao longo do terceiro trimestre.</p> <p>En ningún caso a cualificación final será inferior á media aritmética obtida nos trimestres anteriores.</p>
<b>Avaliación de alumnado con calificación negativa nos trimestres anteriores.</b>	<p><u>Procedementos:</u> Proporanse no terceiro trimestre actividades de reforzo, recuperación e repaso relativas aos contidos vistos durante o 1º e 2º trimestre baseándose nos obxectivos mínimos e nas competencias básicas de etapa.</p> <p>Os procedementos de avaliación basearase en actividades realizadas e entregadas de xeito telemático.</p> <p>Na actualidade todo o alumnado de secundaria mostrou conectividade e capacidade de recepción de tarefas a través da da plataforma de ensinanza posta a disposición do alumnado polo centro ( Esemtia School ) e da plataforma que xa existía para as familias (Esemtia familias)</p>
	<p><u>Instrumentos:</u> Para a avaliación das tarefas realizadas a partir desa data utilizaranse como instrumentos de avaliación para as tarefas telemáticas a entrega dentro da data indicada das actividades propostas ( propóñense actividades de xeito semanal cun prazo de entrega dunha semana ); a correcta realización e presentación das actividades ; a autocorrección e detección de erros propios na posterior corrección unha vez recibida a solución da</p>

	<p>actividade e a evolución persoal do alumno respecto aos trimestres anteriores.</p> <p>Hai un moi baixo número de alumnos que, pese a estar recibindo as actividades pola plataforma do centro, amosa dificultades para o envío periódico das actividades que vai realizando. Neste caso faise un seguimento semanal da realización das tarefas por parte do alumnado pero sen recepción das mesmas, de xeito que se activará a entrega, recollida ou envío desas tarefas no mes de xuño para poder facer un diagnóstico de aprendizaxe a través dos instrumentos establecidos.</p>
<b>Cualificación final do alumnado con calificación negativa nos trimestres anteriores.</b>	<p>No caso do alumnado con cualificación negativa nos trimestres anteriores, a súa cualificación final estará baseada nas tarefas realizadas ao longo do terceiro trimestre por vía telemática e nos criterios de avaliación especificados no apartado 1 cos instrumentos de avaliación propostos xa neste mesmo apartado.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Entrega en prazo. ( 20% )</li> <li>- Correcta realización e presentación. ( 40% )</li> <li>- Autocorrección. ( 20% )</li> <li>- Evolución persoal do alumno respecto aos trimestres anteriores.( 20% )</li> </ul> <p>No caso do alumnado que tivo dificultade para o envío telemático de tarefas, non se terá en conta o criterio de prazo de entrega, obtendo a cualificación final por ponderación do resto de instrumentos de avaliación.</p>
<b>Proba extraordinaria de setembro</b>	<p>O alumnado que non acade unha cualificación mínima de 5 na convocatoria ordinaria de xuño realizará na convocatoria extraordinaria de setembro unha proba presencial na que se avaliarán os criterios e estándares especificados no apartado 1 baseándose nas actividades de reforzo, recuperación e repaso que se traballaron ao longo do terceiro trimestre.</p> <p>No caso de que a situación sanitaria non permita a presencialidade da proba, esta será proposta por vía telemática a través da plataforma do centro.</p>
<b>Alumnado con materias pendentes de cursos anteriores.</b>	<p><u>Criterios de avaliación:</u></p> <p>Para o alumnado coa materia pendente de cursos anteriores aplicarase o establecido na programación do curso 2019-20 no que respecta ao grao mínimo de consecución dos estándares de aprendizaxe.</p>
	<p><u>Criterios de cualificación:</u></p> <p>Elaboración correcta de tarefas de repaso e a súa entrega seguindo o calendario Establecido.</p>
	<p><u>Procedementos e instrumentos de avaliación:</u></p> <p>Os procedementos de avaliación basearanse na realización de actividades de repaso. Utilizaranse como instrumentos de avaliación a entrega dentro da data indicada das actividades propostas e a correcta realización e presentación das mesmas.</p>

<b>3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre(recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)</b>	
<b>Actividades</b>	<p>Textos para o desenvolvemento das competencias.  Realización de esquemas , resumos e actividades de síntese.  Comprensións lectoras.  Actividades de expresión escrita.  Actividades de reflexión sobre a lingua.  Actividades de análise textual para desenvolver a capacidade para o pensamento crítico.  Actividades que implican a utilización das TIC (visionado de vídeos e buscas de información).  Actividades de autoavaliación.</p>
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	<p>Posto que todo o alumnado ten conectividade, todos seguirán a mesma metodoloxía, coa única excepción da vía de entrega das tarefas pois nalgún caso excepcional non teñen posibilidade de entrega telemática aínda que sí de recepción. Como xa se indicou con anterioridade para este alumnado establecerase un período de entrega presencial no mes de xuño).  A metodoloxía basearase na recepción do material educativo a través da plataforma educativa do centro ( Esemtia School ou Esemtia Familias ) e a conexión co profesorado-titor a través das aulas virtuais da mesma plataforma.  Buscarase a aprendizaxe autónoma do alumnado co seguimento periódico do profesorado.</p>
<b>Materiais e recursos</b>	<p>O principal recurso será a plataforma educativa do centro. Utilizaranse o libro de texto Lingua galega e literatura 4 da editorial Anaya, a web de Anaya Educación e recursos de elaboración propia por parte do profesorado (lecturas complementarias, fichas de reforzo, material para o desenvolvemento das competencias, fichas de autoavaliación).</p>

#### 4. Información e publicidade

<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	O alumnado será informado a través da plataforma Esemtia School á que todos tiveron xa acceso. As familias a través do correo desta mesma plataforma.
<b>Publicidade</b>	Publicación na páxina web do centro.



# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: COLEXIO VIRXE MILAGROSA-BUEU FUNDACIÓN  
EDUCERE

CURSO: 4º ESO

MATERIA: LINGUA INGLESA

DEPARTAMENTO: LINGUAS ESTRANXEIRAS

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto	Comprende frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas e temas cos que se estea moi familiarizado/a, sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado.
Comprender os puntos esenciais e os detalles máis salientables en conversas sinxelas.	Capta os puntos principais e os detalles salientables de instrucións, preguntas, explicacións, diálogos e outras mensaxes orais sinxelas .
Comprender textos escritos dunha extensión moi curta e con temas moi familiares e axeitados á súa idade.	Segue instrucións básicas e predicibles para a realización de actividades .
Escribir, en papel ou en soporte electrónico, textos breves, sinxelos e de estrutura simple.	Elabora textos moi breves.
Identificar diferenzas e semellanzas nos aspectos culturais máis visibles dos países onde se fala a lingua estranxeira e da propia cultura	Demostra que recoñece esas diferenzas e semellanzas con traballos prácticos (powerpoints, por exemplo)
4º ESO Coñecer e empregar o vocabulario referido a estes campos semánticos: life-changing events, verb+preposition, literary genres, compound nouns, saving environmental resources, prefixes, style adjectives, phrasal verbs (clothes), the world of work, work verbs, crime verbs, crimes and criminals.	Demostra que coñece e manexa con soltura ese vocabulario a través dos exercicios propostos.
Coñecer e saber empregar estas estruturas gramaticais: present simple, past simple, used to, subject and object questions, past simple and past continuous, past perfect, time expressions with past perfect, present perfect + for/since/yet/already/still/just, present perfect and past simple, relative clauses, some/any/no compounds, the future, the first and second conditionals, gerunds and infinitives, modals of deduction and possibility, the third conditional, passive sentences and reported speech.	Demostra que coñece e manexa con soltura estes puntos gramaticais a través dos exercicios propostos.

--	--

<b>1. Avaliación e cualificación</b>	
<b>Avaliación</b>	Procedementos: Recepción e análise das producións do alumnado.
	Instrumentos: Tarefas semanais enviadas e recibidas a través da plataforma Moodle de Esemtia fundamentalmente. En casos especiais contéplase a posibilidade de envío a través de correos electrónicos ou mesmo a entrega do material no mesmo centro cando as autoridades sanitarias así o permitan.
<b>Cualificación final e recuperación das avaliacións pendentes</b>	<p>Para o alumnado coas dúas primeiras avaliacións aprobadas, a súa nota da terceira avaliación e a da avaliación ordinaria de xuño (que coincidirán) obterase a partir da media desas dúas. Terase en conta tamén as entregas durante este período para mellorar esa media.</p> <p>O alumnado que teña a primeira e / ou segunda avaliación suspensas conseguirán o aprobado nelas aprobando a terceira avaliación independentemente das notas das dúas anteriores. Para conseguir este aprobado deberá ter feitos e entregados todos os envíos de tarefa. Esta é a fórmula da avaliación continua. Unha vez máis, a nota da terceira avaliación coincidirá coa da avaliación ordinaria de xuño.</p>
<b>Proba extraordinaria de setembro</b>	O alumnado que non alcance a calificación de 5 despois de facer a media entre as dúas primeiras avaliacións e non entregue tarefa durante este período terá que facer esta proba.
<b>Alumnado de materia pendente do curso anterior</b>	

<b>1. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre(recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)</b>	
<b>Actividades</b>	Actividades de vocabulario, gramática, audios, composición e comprensión de textos que supoñen un repaso e reforzo da primeira y segunda avaliacións e, no seu caso a recuperación destas. Ademais vanse intercalando certos contidos novos acompañando aos anteriores.
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	Utilízase basicamente a plataforma Moodle de Esemtia do centro para o envío e recepción das tarefas. Hai distinto nivel de conectividade entre o alumnado e distintas capacidades dixitais co cal o envío faise tamén por outras vías como o correo electrónico. Realízanse tamén video-conferencias semanais cos titores e algunhas chamadas telefónicas. Asimesmo hai un prazo de entrega presencial de materiais a principios de xuño para aquel alumnado que puidera ter algún problema puntual de conectividade.
<b>Materiais e recursos</b>	Libros de texto impresos e dixitais, gravacións e audios online, fichas adaptadas polo profesorado, material de diverso tipo recollido de internet...

<b>1. Información e publicidade</b>	
<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	O alumnado será informado a través da plataforma Esemtia School. As familias a través de Esemtia.
<b>Publicidade</b>	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: VIRXE MILAGROSA

CURSO: 4º ESP

MATERIA: MATEMÁTICAS ACADÉMICAS 4º ESO

DEPARTAMENTO: CIENCIAS

DATA: 5 DE MAIO DE 2020.

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.



## ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

### 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1. Expresar verbalmente, de xeito razoado, o proceso seguido na resolución dun problema.	MACB1.1.1. Expresa verbalmente, de xeito razoado, o proceso seguido na resolución dun problema, coa precisión e o rigor adecuados.
B1.2. Utilizar procesos de razoamento e estratexias de resolución de problemas, realizando os cálculos necesarios e comprobando as solucións obtidas.	MACB1.2.1. Analiza e comprende o enunciado dos problemas (datos, relacións entre os datos, e contexto do problema). MACB1.2.2. Valora a información dun enunciado e relaciónaa co número de solucións do problema. MACB1.2.3. Realiza estimacións e elabora conxecturas sobre os resultados dos problemas que cumpra resolver, valorando a súa utilidade e a súa eficacia. MACB1.2.4. Utiliza estratexias heurísticas e procesos de razoamento na resolución de problemas, reflexionando sobre o proceso de resolución de problemas.
B1.3. Describir e analizar situacións de cambio, para atopar patróns, regularidades e leis matemáticas, en contextos numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos e probabilísticos, valorando a súa utilidade para facer predicións.	MACB1.3.1. Identifica patróns, regularidades e leis matemáticas en situacións de cambio, en contextos numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos e probabilísticos. MACB1.3.2. Utiliza as leis matemáticas atopadas para realizar simulacións e predicións sobre os resultados esperables, e valora a súa eficacia e a súa idoneidade.
B1.4. Afondar en problemas resoltos formulando pequenas variacións nos datos, outras preguntas, outros contextos, etc.	MACB1.4.1. Afonda nos problemas logo de resolvelos, revisando o proceso de resolución e os pasos e as ideas importantes, analizando a coherencia da solución ou procurando outras formas de resolución. MACB1.4.2. Formúlase novos problemas, a partir de un resolto, variando os datos, propondo novas preguntas, resolvendo outros problemas parecidos, formulando casos particulares ou máis xerais de interese, e establecendo conexións entre o problema e a realidade.
B1.5. Elaborar e presentar informes sobre o proceso, resultados e conclusións obtidas nos procesos de investigación.	MACB1.5.1. Expón e defende o proceso seguido ademais das conclusións obtidas, utilizando as linguaxes alxébrica, gráfica, xeométrica e estatístico-probabilística.

<p>B1.6. Desenvolver procesos de matematización en contextos da realidade cotiá (numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos ou probabilísticos) a partir da identificación de problemas en situacións problemáticas da realidade.</p>	<p>MACB1.6.1. Identifica situacións problemáticas da realidade susceptibles de conter problemas de interese.</p> <p>MACB1.6.2. Establece conexións entre un problema do mundo real e o mundo matemático, identificando o problema ou os problemas matemáticos que subxacen nel e os coñecementos matemáticos necesarios.</p> <p>MACB1.6.3. Usa, elabora ou constrúe modelos matemáticos sinxelos que permitan a resolución dun problema ou duns problemas dentro do campo das matemáticas.</p> <p>MACB1.6.4. Interpreta a solución matemática do problema no contexto da realidade.</p> <p>MACB1.6.5. Realiza simulacións e predicións, en contexto real, para valorar a adecuación e as limitacións dos modelos, e propón melloras que aumenten a súa eficacia.</p>
<p>B1.7. Valorar a modelización matemática como un recurso para resolver problemas da realidade cotiá, avaliando a eficacia e as limitacións dos modelos utilizados ou construídos.</p>	<p>MACB1.7.1. Reflexiona sobre o proceso e obtén conclusións sobre el e os seus resultados, valorando outras opinións.</p>
<p>B1.8. Desenvolver e cultivar as actitudes persoais inherentes ao quefacer matemático.</p>	<p>MACB1.8.1. Desenvolve actitudes adecuadas para o traballo en matemáticas (esfuerzo, perseveranza, flexibilidade e aceptación da crítica razoada).</p> <p>MACB1.8.2. Formúlase a resolución de retos e problemas coa precisión, o esmero e o interese adecuados ao nivel educativo e á dificultade da situación.</p> <p>MACB1.8.3. Distingue entre problemas e exercicios, e adopta a actitude axeitada para cada caso.</p> <p>MACB1.8.4. Desenvolve actitudes de curiosidade e indagación, xunto con hábitos de formular e formularse preguntas, e procurar respostas adecuadas, tanto no estudo dos conceptos como na resolución de problemas.</p> <p>MACB1.8.5. Desenvolve habilidades sociais de cooperación e traballo en equipo.</p>
<p>B1.9. Superar bloqueos e inseguridades ante a resolución de situacións descoñecidas.</p>	<p>MACB1.9.1. Toma decisións nos procesos de resolución de problemas, de investigación e de matematización ou de modelización, e valora as consecuencias destas e a súa conveniencia pola súa sinxeleza e utilidade.</p>
<p>B1.10. Reflexionar sobre as decisións tomadas e aprender diso para situacións similares futuras.</p>	<p>MACB1.10.1. Reflexiona sobre os problemas resoltos e os procesos desenvolvidos, valorando a potencia e a sinxeleza das ideas clave, e aprende para situacións futuras similares.</p>

<p>B1.11. Empregar as ferramentas tecnolóxicas adecuadas, de xeito autónomo, realizando cálculos numéricos, alxébricos ou estatísticos, facendo representacións gráficas, recreando situacións matemáticas mediante simulacións ou analizando con sentido crítico situacións diversas que axuden á comprensión de conceptos matemáticos ou á resolución de problemas.</p>	<p>MACB1.11.1. Selecciona ferramentas tecnolóxicas axeitadas e utilízalas para a realización de cálculos numéricos, alxébricos ou estatísticos cando a dificultade destes impida ou non aconselle facelos manualmente.</p> <p>MACB1.11.2. Utiliza medios tecnolóxicos para facer representacións gráficas de funcións con expresións alxébricas complexas e extraer información cualitativa e cuantitativa sobre elas.</p> <p>MACB1.11.3. Deseña representacións gráficas para explicar o proceso seguido na solución de problemas, mediante a utilización de medios tecnolóxicos.</p> <p>MACB1.11.4. Recrea ámbitos e obxectos xeométricos con ferramentas tecnolóxicas interactivas para amosar, analizar e comprender propiedades xeométricas.</p> <p>MACB1.11.5. Utiliza medios tecnolóxicos para o tratamento de datos e gráficas estatísticas, extraer informacións e elaborar conclusións.</p>
<p>B1.12. Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación de maneira habitual no proceso de aprendizaxe, procurando, analizando e seleccionando información salientable en internet ou noutras fontes, elaborando documentos propios, facendo exposicións e argumentacións destes, e compartíndoos en ámbitos apropiados para facilitar a interacción.</p>	<p>MACB1.12.1. Elabora documentos dixitais propios (de texto, presentación, imaxe, vídeo, son, etc.), como resultado do proceso de procura, análise e selección de información relevante, coa ferramenta tecnolóxica axeitada, e compárteos para a súa discusión ou difusión.</p> <p>MACB1.12.2. Utiliza os recursos creados para apoiar a exposición oral dos contidos traballados na aula.</p> <p>MACB1.12.3. Usa axeitadamente os medios tecnolóxicos para estruturar e mellorar o seu proceso de aprendizaxe, recollendo a información das actividades, analizando puntos fortes e débiles de seu proceso educativo e establecendo pautas de mellora.</p> <p>MACB1.12.4. Emprega ferramentas tecnolóxicas para compartir ficheiros e tarefas.</p>
<p>B2.1. Coñecer os tipos de números e interpretar o significado dalgunhas das súas propiedades máis características (divisibilidade, paridade, infinitude, proximidade, etc.).</p>	<p>MACB2.1.1. Recoñece os tipos de números reais (naturais, enteiros, racionais e irracionais), indicando o criterio seguido, e utilízalos para representar e interpretar axeitadamente información cuantitativa.</p>
	<p>MACB2.1.2. Aplica propiedades características dos números ao utilízalos en contextos de resolución de problemas.</p>

<p>B2.2. Utilizar os tipos de números e operacións, xunto coas súas propiedades, para recoller, transformar e intercambiar información, e resolver problemas relacionados coa vida diaria e con outras materias do ámbito educativo.</p>	<p>MACB2.2.1. Opera con eficacia empregando cálculo mental, algoritmos de lapis e papel, calculadora ou programas informáticos, e utilizando a notación máis axeitada.</p> <p>MACB2.2.2. Realiza estimacións correctamente e xulga se os resultados obtidos son razoables.</p> <p>MACB2.2.3. Establece as relacións entre radicais e potencias, opera aplicando as propiedades necesarias e resolve problemas contextualizados.</p> <p>MACB2.2.4. Aplica porcentaxes á resolución de problemas cotiáns e financeiros, e valora o emprego de medios tecnolóxicos cando a complexidade dos datos o requira.</p> <p>MACB2.2.5. Calcula logaritmos sinxelos a partir da súa definición ou mediante a aplicación das súas propiedades, e resolve problemas sinxelos.</p> <p>MACB2.2.6. Compara, ordena, clasifica e representa distintos tipos de números sobre a recta numérica utilizando diversas escalas.</p> <p>MACB2.2.7. Resolve problemas que requiran propiedades e conceptos específicos dos números.</p>
<p>B2.3. Construír e interpretar expresións alxébricas, utilizando con destreza a linguaxe alxébrica, as súas operacións e as súas propiedades.</p>	<p>MACB2.3.1. Exprésase con eficacia facendo uso da linguaxe alxébrica.</p> <p>MACB2.3.2. Obtén as raíces dun polinomio e factorízao utilizando a regra de Ruffini, ou outro método máis axeitado.</p> <p>MACB2.3.3. Realiza operacións con polinomios, igualdades notables e fraccións alxébricas sinxelas.</p> <p>MACB2.3.4. Fai uso da descomposición factorial para a resolución de ecuacións de grao superior a dous.</p>
<p>B2.4. Representar e analizar situacións e relacións matemáticas utilizando inecuacións, ecuacións e sistemas para resolver problemas matemáticos e de contextos reais.</p>	<p>MACB2.4.1. Formula alxebricamente as restricións indicadas nunha situación da vida real, estúdao e resolve, mediante inecuacións, ecuacións ou sistemas, e interpreta os resultados obtidos.</p>

<p>B3.3. Coñecer e utilizar os conceptos e os procedementos básicos da xeometría analítica plana para representar, describir e analizar formas e configuracións xeométricas sinxelas.</p>	<p>MACB3.3.1. Establece correspondencias analíticas entre as coordenadas de puntos e vectores.</p> <p>MACB3.3.2. Calcula a distancia entre dous puntos e o módulo dun vector.</p> <p>MACB3.3.3. Coñece o significado de pendente dunha recta e diferentes formas de calculala.</p> <p>MACB3.3.4. Calcula a ecuación dunha recta de varias formas, en función dos datos coñecidos</p> <p>MACB3.3.5. Recoñece distintas expresións da ecuación dunha recta e utilízalas no estudo analítico das condicións de incidencia, paralelismo e perpendicularidade.</p> <p>MACB3.3.6. Utiliza recursos tecnolóxicos interactivos para crear figuras xeométricas e observar as súas propiedades e as súas características.</p>
<p>B4.1. Identificar relacións cuantitativas nunha situación, determinar o tipo de función que pode representalas, e aproximar e interpretar a taxa de variación media a partir dunha gráfica ou de datos numéricos, ou mediante o estudo dos coeficientes da expresión alxébrica.</p>	<p>MACB4.1.1. Identifica e explica relacións entre magnitudes que poden ser descritas mediante unha relación funcional, e asocia as gráficas coas súas correspondentes expresións alxébricas.</p> <p>MACB4.1.2. Explica e representa graficamente o modelo de relación entre dúas magnitudes para os casos de relación lineal, cuadrática, proporcionalidade inversa, exponencial e logarítmica, empregando medios tecnolóxicos, de ser preciso.</p> <p>MACB4.1.3. Identifica, estima ou calcula parámetros característicos de funcións elementais.</p> <p>MACB4.1.4. Expresa razoadamente conclusións sobre un fenómeno a partir do comportamento dunha gráfica ou dos valores dunha táboa.</p> <p>MACB4.1.5. Analiza o crecemento ou decrecemento dunha función mediante a taxa de variación media calculada a partir da expresión alxébrica, unha táboa de valores ou da propia gráfica.</p> <p>MACB4.1.6. Interpreta situacións reais que responden a funcións sinxelas: lineais, cuadráticas, de proporcionalidade inversa, definidas a anacos e exponenciais e logarítmicas.</p>
<p>B4.2. Analizar información proporcionada a partir de táboas e gráficas que</p>	<p>MACB4.2.1. Interpreta criticamente datos de táboas e gráficos sobre diversas</p>

representen relacións funcionais asociadas a situacións reais obtendo información sobre o seu comportamento, a evolución e os posibles resultados finais.	situacións reais.
	MACB4.2.2. Representa datos mediante táboas e gráficos utilizando eixes e unidades axeitadas.
	MACB4.2.3. Describe as características máis importantes que se extraen dunha gráfica sinalando os valores puntuais ou intervalos da variable que as determinan utilizando tanto lapis e papel como medios tecnolóxicos.
	MACB4.2.4. Relaciona distintas táboas de valores, e as súas gráficas correspondentes.

Os seguintes contidos poderán ser vistos de xeito voluntario como ampliación no terceiro trimestre si as circunstancias o permiten e sempre de xeito voluntario por parte do alumnado. Só serán tidos en conta para unha posible mellora da calificación.

<b>Estándares de aprendizaxe e competencias de ampliación.</b>	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B3.1. Utilizar as unidades angulares dos sistemas métrico sexagesimal e internacional, así como as relacións e as razóns da trigonometría elemental, para resolver problemas trigonométricos en contextos reais.	MACB3.1.1. Utiliza conceptos e relacións da trigonometría básica para resolver problemas empregando medios tecnolóxicos, de ser preciso, para realizar os cálculos.

<p>B3.2. Calcular magnitudes efectuando medidas directas e indirectas a partir de situacións reais, empregando os instrumentos, as técnicas ou as fórmulas máis adecuadas, e aplicando as unidades de medida.</p>	<p>MACB3.2.1. Utiliza as ferramentas tecnolóxicas, as estratexias e as fórmulas apropiadas para calcular ángulos, lonxitudes, áreas e volumes de corpos e figuras xeométricas.</p> <p>MACB3.2.2. Resolve triángulos utilizando as razóns trigonométricas e as súas relacións.</p> <p>MACB3.2.3. Utiliza as fórmulas para calcular áreas e volumes de triángulos, cuadriláteros, círculos, paralelepípedos, pirámides, cilindros, conos e esferas, e aplícaas para resolver problemas xeométricos, asignando as unidades apropiadas.</p>
